

A Coruña, a 11 de marzo do 2021

~~A/A Sra. Sra. do Patrimonio Natural e do Territorio, do Consello de Medio Ambiente,
Territorio e Vivenda da Delegación Territorial da Coruña, Xunta de Galicia~~

~~Edificio Administrativo de Moncloa, Rúa Vicente Ferrer, 2, 50, 15015, A Coruña~~

D. Santiago Vázquez Casás, en calidade de Vicepresidente do Grupo Naturalista Hábitat, e representante da devandita entidade perante o Comité Provincial de Caza da Coruña,

EXPOÑO

Que pola presente, dou traslado en tempo e forma das consideracións expostas por diversas entidades ambientais para a o Comité Provincial de Caza da Coruña (reunión do 16 de marzo do 2021, ás 12h).

~~Asociación Cova Cea~~

1.- A aplicación da Resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 19 de maio de 2020 pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control por danos e os réximes especiais por especies durante a tempada 2020/21 posibilita a caza de especies da fauna silvestre sin contar con estudos científicos obxectivos e actualizados que permitan, desde o punto de vista da conservación das especies, a práctica da caza.

Cómpre recordar que a circunstancia de que unha especie sexa susceptible de ser cazada ou ser obxecto de xestión en abstracto (por non ser especie protexida), non significa que a actividade da caza poida realizarse sen máis, senón que é preciso e necesario que, ademais, non se vexa afectada a conservación da especie.

A declaración dunha especie como cinxética e cazable, esixe contar con estudos obxectivos científicos e actuáis.

Polo tanto solicítase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda que antes de incluír ningunha especie como cinxética na resolución anual de caza, se dispoña dos Censos das especies actualizados e dos estudos estudos obxectivos científicos e actuáis que garantan a viabilidade da especie como cinxética.

Os danos derivados da práctica da caza para a fauna silvestre, sen contar cos estudos precisos que o avalen e, por outro lado, os danos aos intereses económicos e sociais derivados desta actividade, leva a conclusión de que resulta máis necesitado de protección o primeiro, polo seu carácter máis sensible.

Solicitamos o plans anuais de aproveitamento cinexético e os plans de ordenación cinexética así coma campionatos, batidas ou calquera probra "deportiva" sempre dentro dos prazos que marca a ley no artigo 15 da ley de caza. Ó igual que os ingresos e gastos de ditas probas para a recuperación da flora ou fauna.

Solicitamos tamén un rexistro de todos os cans de caza para ditas probas onde se recollan os datos de chips no comezo e final da proba para así non abandonar cans que son recollidos por protectoras no millor dos casos.

Exiximos que se teñan en conta as segregacións de terreos nos tecores e que se respeten as sinais ou calquera segregación que se faga amparándose no artigo 17 da ley de caza. Poñendo en coñecemento de todos os cazadores axenos ou non a dito tecor.

Se faga unha revisión completa das titularidades dos tecores xa que poderían ser causa de extinción coma así o dicta o artigo 18 da ley de caza.

Se poñan en coñecemento todas as reservas de caza cas medidas, localización e plans de actuación.

Se proceda o peche de todas as granxas cinexéticas xa que non é o xeito mais adecuado nin ético de repoboar ou simplemente soltar especies sin un mínimo estudo feito polas persoas responsables en materia de caza. Chegando así a mutacións xenéticas de certas especies e o desequilibrio que isto conleva.

Se fagan informes previos e posteriores coma así o regulan os artigos 71 e 74 da ley de caza que se poñan ó alcance de calquer interesado.

E para finalizar exiximos a reparación de danos causados por vehículos na captura e recuperación de pezas abatidas e a prohibición de sair das pistas principais

Asociación Ambiental Petén do Lobo

1.- Falta de participación pública na planificación da caza en Galicia

En Galicia a planificación cinexética non conta coa participación pública nin coa preceptiva avaliación ambiental estratéxica dos impactos da actividade cinexética sobre dos ecosistemas e as familias que viven no rural. De conformidade co establecido no artigo 6 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e no artigo 46 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, de Patrimonio Natural e Biodiversidade, están sometidos a avaliación ambiental estratéxica ordinaria os plans e programas que requiran unha avaliación por afectar a espazos Rede Natura 2000 nos termos previstos na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade (artigo 46, puntos 3. e 4.).

Por outra banda, tamén se produce unha vulneración flagrante do Convenio de Aarhus asinado o 25 de xuño de 1998 na cidade danesa de Aarhus e que entrou en vigor o 30 de outubro de 2001. España

ratificou o Convenio o 15 de decembro de 2004 e dous anos despois, en 2006, aprobou a Lei 27/2006, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, que aplica en España as disposicións do Convenio. Este Convenio no artigo 4 regula o “Acceso á información sobre o medio ambiente”, no artigo 5 a “Recollida e difusión de informacións sobre o medio ambiente” e no artigo 6 a “Participación do público nas decisións relativas a actividades específicas”. O artigo 7 regula a “Participación do público nos plans, programas e políticas relativos ao medio ambiente” e o artigo 8 refírese a “Participación do público durante a fase de elaboración de disposicións regulamentarias ou de instrumentos normativos xuridicamente obrigatorios de aplicación xeral”. O artigo 6.2 indica:

“Cando se inicie un proceso de toma de decisións respecto do medio ambiente, informarase o público interesado como conveña, de maneira eficaz e no momento oportuno, por medio de comunicación pública ou individualmente, segundo os casos, ao comezo do proceso”.

Os plans técnicos de caza son un instrumento de xestión aplicado a un determinado terreo, que ten por finalidade o seu aproveitamento cinexético de acordo co tamaño das poboacións obxecto de caza, tendo como prioridade a preservación e conservación dos hábitats, así como o mantemento do potencial biolóxico das especies no medio natural.

Sen embargo, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural subtrae estes documentos da participación pública e da avaliación ambiental, polo que o medio rural queda en mans do sector cinexético que só representa ao 1% da poboación e que enche o monte de especies cinexéticas comerciais que desequilibran os ecosistemas e a biodiversidade.

Polo tanto solicítase que todos os instrumentos de xestión cinexética, isto é, todos os plans sexan sometidos a consulta pública ao abeiro da normativa citada e obxecto da correspondente avaliación ambiental estratéxica cando poidan afectar á Rede Natura.

~~2.- As granxas cinexéticas: cría de animais para a explotación cinegética~~

A ausencia da participación pública, a omisión da debida publicidade dos plans e das avaliacións ambientais xera un descontrol absoluto nos ecosistemas producindo un grave desequilibrio na súa conservación. O lobby da caza está a converter os tecos en granxas intensivas. As familias que viven e habitan no rural sofren as consecuencias da ceiba descontrolada de animais.

Os cazadores converten o rural en auténticos campos de tiro sin orde nin control, que ameazan o equilibrio natural e a vida e o benestar dos habitantes das aldeas.

Ao non existir participación pública non existe posibilidade de facerse oír nin existe un programa de vixilancia ambiental que garanta a publicidade de indicadores como a non afección a zonas sensibles, número de reclamacións, número de partes de danos, partes de captura, cartografía e planos...etc.

Tanto os plans anuais de aproveitamento cinexético como os plans de ordenación cinexética e a súa renovación deberan contar con unha avaliación das súas repercusións sobre do medio natural. Hai que ter en conta que estes plans regulan os períodos hábiles de caza, as especies sobre as que se poderá exercer, os métodos autorizados para a súa práctica e as limitacións xerais ou particulares que afectarán o exercicio da actividade cinexética no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia durante a tempada 2020/21, que abarca o período comprendido entre o 1 de agosto de 2020 e o 31 de xullo do ano 2021. Os tecores ou explotacións cinexéticas comerciais que teñan vixente o seu plan de ordenación cinexética deberán presentar o plan anual de aproveitamento cinexético ante a correspondente xefatura territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, para o que deben presentar a correspondente solicitude de autorización.

3.- ~~As plans cinexéticas~~ ~~de finalidade cineca~~ ~~que poden producir~~ ~~seu impacto~~ ~~no medio ambiente~~

A opacidade que rodea a todos estes instrumentos de planificación cinexética incomoda ás familias que viven no rural e á cidadanía, que quere facer uso do monte no seu tempo de lecer. A Xunta de Galicia omite, violando a lei e o Convenio de Aarhus a participación do público na toma de decisións cinexéticas que afectan a toda a cidadanía. Como ben di a Lei 13/2013, de 23 de decembro, de caza de Galicia no seu preámbulo, a caza constitúese como un dereito orixinario que corresponde a todas as persoas administradas, non sendo por tanto, un dereito exclusivo dos cazadores.

4.- ~~Falla de transparencia~~ ~~na política~~ ~~de caza~~ ~~da Xunta de Galicia~~

Existe ademais unha falla de información e transparencia importantes en temas de caza. Así por exemplo, é moi difícil conseguir as actas dos distintos comités, é difícil acceder aos distintos plans de xestión das especies cinexéticas, aos calendarios dos campionatos de caza, hai plans de xestión que non están actualizados e outros, como os do xabaril, que pese a elaborarse non se chegaron a publicar no boletín oficial correspondente, polo que existe un descoñecemento xeneralizado tanto dos censos de especies cinexéticas como da xestión planficada desde a Consellería para cada unha delas.

Hai toda unha serie de procedementos que necesitan da autorización do órgano administrativo de caza e que nunca chegamos a coñecer o seu verdadeiro alcance ambiental, pese as implicacións importantes que estas autorizacións teñen sobre o medio ambiente e os recursos cinexéticos, que como xa dixemos corresponde a súa xestión a toda a cidadanía.

Así por exemplo, non existe publicidade sobre das aprobacións dos Plan anuais de aproveitamentos cinexéticos, tampouco sobre das aprobacións dos Plans de ordenación cinexética e a súa renovación, sobre das autorizacións de cazarías que se realizan baixo as modalidades de batida, montaría, espera e axexo; non existe tampouco publicidade sobre dos resultados cinexéticos das cazarías que se realizan baixo as modalidades de batida, montaría, espera e axexo; tampouco sobre das autorizacións concedidas para realizar xestión cinexética en vedados por razóns técnicas, de seguridade, científicas, sanitarias ou sociais; tampouco sobre das autorizacións outorgadas para cazar aves prexudiciais para a agricultura e a caza, sobre das autorizacións para realizar as competicións de caza e a publicación

dos calendarios destas coa adecuada antelación, sobre das autorizacións para realizar batidas, montarías ou esperas en zonas libres de caza, sobre das autorizacións para realizar batidas ou montarías por danos ocasionados polas especies cinexéticas, sobre das autorizacións para realizar esperas e axexos por danos ocasionados polas especies cinexéticas, sobre das autorizacións para realizar soltas de especies cinexéticas no medio natural, sobre das autorizacións para a caza do paspallás (*Coturnix coturnix*), pombo torcaz (*Columba palumbus*) e rula común (*Streptopelia turtur*), sobre a cría á solta, e un logo etcétera. Existe por tanto moita información en materia de caza, que ao abeiro da normativa vixente, debera ser de acceso público e garantirse a transparencia nestas cuestión; e que sen embargo non o é, pese a relevancia e repercusións ambientais desta.

5.- Antecedentes da Lei que aproba a Resolución da caza de Galicia e a participación pública na elaboración do regulamento

No DOG Núm. 108, do 4 de xuño de 2020 publicábase a Resolución da Consellería De Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 19 de maio de 2020 pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control por danos e os réximes especiais por especies durante a tempada 2020/21. Na elaboración deste regulamento produciuse a vulneración flagrante do dereito de información pública e o dereito a participar na elaboración da norma ao abeiro da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O artigo 41 da citada lei establece o procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral. Iniciado o procedemento, con carácter previo á elaboración do anteproxecto substanciárase unha consulta pública a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto ao obxecto de solicitar a opinión da cidadanía e das organizacións e asociacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma sobre os seguintes extremos:

Aconsulta pública previa deberá realizarse de tal forma que todos os potenciais destinatarios da norma teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que deberá proporcionarse un tempo suficiente, non inferior a quince días naturais. Por razóns de urxencia debidamente xustificadas no expediente, poderá acordarse un prazo inferior.

Ademais a Lei 13/2013, de 23 de decembro, de caza de Galicia recoñece no seu preámbulo que a caza constitúese como un dereito orixinario que corresponde a todos os administrados, non sendo por tanto, un dereito exclusivo dos cazadores.

6.- Falta de transparencia en relación ás granxas cinexéticas

Existe un incremento descontrolado dos criadeiros cinexéticos dos que tampouco existe constancia dos controis administrativos. Non hai un rexistro oficial que contabilice cantas granxas cinexéticas hai. Un baleiro que permite a proliferación de granxas ilegais, que non cumpren os requisitos adecuados para producir e distribuír este tipo de animais. Por suposto, tampouco se avalían os impactos que a solta descontrolada destes animais produce sobre os hábitats e o equilibrio natural.

~~Asociación ambiental "O Ourullo Alde"~~

- 1.- Antes de incluír as especies como cinexéticas ou cazables na resolución anual de caza teñen que existir censos actualizados destas e informes científicos rigurosos que avalíen e garanticen a súa viabilidade como cinexéticas.
- 2.- Prohibir de forma absoluta a caza da rula e cumprir a normativa europea.
- 3.- Prohibir o uso do chumbo como munición polos efectos prexudiciais que produce nos ecosistemas e na saúde destes e na humana.
- 4.- Máis transparencia e participación pública na elaboración da resolución anual de caza. Abrir un período de consulta pública previo á súa aprobación.
- 5.- É preciso máis transparencia e participación pública na elaboración do calendario de competicións da Federación galega de Caza. En cumprimento do Convenio de Aarhus, todos e todas temos dereito a participar na toma de decisións que afecten ao medio ambiente. Os calendarios de competicións da Federación galega de caza está rodeados de opacidade absoluta e isto vulnera os dereitos recoñecidos polo Convenio citado.
- 6.- A prohibición da caza do raposo e dos campionatos de caza do raposo. O raposo é unha especie esencial polos servizos ecosistémicos que presta. Non se pode autorizar ningunha batida, nin cacería nin campionato mentras que non exista un censo actualizado da especie e se garanta a súa viabilidade ambiental. De feito non pode ser considerada como especie cinexética en tanto que non existan informes científicos rigurosos que acrediten e garanticen a súa viabilidade como especie cinexética. O incumprimento disto acarreará a conseguinte responsabilidade, incluso penal, do funcionario que informe favorablemente ou autorice a súa inclusión como cinexética.
- 7.- Antes de autorizar a caza en terreos da Rede Natura ou onde existan hábitats prioritarios ou de interese comunitario cómpre un informe técnico ou científico riguroso que acredite que esa cacería non vaia prexudicar este tipo de hábitats ou romper o equilibrio natural destes e dos espazos protexidos. Hai que cumprir a Directiva de Hábitats e a actividade cinexética ten que garantir o mantemento e preservación nun estado de conservación favorable dos hábitats e das especies protexidas pola Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

Declaración como Refúgio de Fauna da "Área Conservada por Comunidades Locais e Pobos Indixenas" (ICCA) de Froxán

Em 16/02/2020 foi solicitada a declaração como Refúgio de Fauna desta ICCA, a única da provincia da Coruña e das primeiras de todo o Estado

(<https://www.protectedplanet.net/555625762>). Estamos seguras de que desde várias das entidades se conhece o traballo de conservación e restauración ambiental feito desde essa Comunidade e que estareis dacordo em que se debería promover ante o Comité de Caça a súa declaración como refúgio de fauna no prazo mais breve posíbel, especialmente quando foi instada pola propia Comunidade.

Justificante de Presentación

Datos del interesado:
 CIF: V1544936 COMUNIDAD MONTES DE FROXAN
 Dirección: Otros Froxán 5
 Lousame 15212 (Coruña, A-España)
 Teléfono de contacto: 605911579
 Correo electrónico: montefroxan@gmail.com

El presente justificante tiene validez a efectos de presentación de la documentación en este Registro Electrónico y no prejuzga la admisión del escrito para su tramitación. La fecha y hora de este Registro Electrónico es la de la Sede electrónica del Punto de Acceso General (<https://sede.administracion.gob.es/>). El inicio del cómputo de los plazos que hayan de cumplir las Administraciones Públicas vendrá determinado por la fecha y hora de presentación en el registro electrónico de cada Administración u organismo.

Número de registro: REGAGE21e00001411603
 Fecha y hora de presentación: 16/02/2021 13:41:13
 Fecha y hora de registro: 16/02/2021 13:41:13
 Tipo de registro: Entrada
 Oficina de registro electrónico: REGISTRO ELECTRÓNICO
 Organismo destinatario: A12021982 - Dirección General de Patrimonio Natural
 Organismo raíz: A12002994 - Comunidad Autónoma de Galicia
 Nivel de administración: Administración Autónoma

Asunto: Segregación dos terrenos do TECOR Nimo-Colou n.º C-10.079

Expone: O territorio da Comunidade do Monte Veciñal en Man Común de Froxán foi recoñecido como "Área Conservada por Comunidades Locais e Pobos Indixenas" (ICCA) polo Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente en 2017, figura de protección establecida pola Conferencia das Partes da Convención para a Diversidade Biolóxica, da que é parte contratante o Reino de España. Desde entón, dito territorio consta na Base de Datos Mundial de Áreas Protexidas da ONU co n.º 555625762 (<https://www.protectedplanet.net/555625762>). Ademais, desde 2019 ten a consideración de Lugar Natural de Interese Pedagóxico (listado polo CEIDA) desenvolvéndose no mesmo de xeito continuado actividades de educación na natureza e voluntariado ambiental. Para garantir a conservación dos valores e recursos naturais e a seguridade das actividades realizadas no mesmo, e dando cumprimento ás súas obrigas como ICCA, en 16/02/2021 a Asemblea da Comunidade do Monte Veciñal en Man Común adoptou o acordo de segregar os terrenos do MVMC de Froxán do TECOR Nimo-Colou n.º C-10.079, dando por finalizada a cesión do aproveitamento cinexético presumiblemente outorgada de xeito tácito (e que non consta no libro de actas desta Comunidade) e instando a declaración dos terrenos da Comunidade como refuxio de fauna, o que se pon en coñecemento da Administración. Acompañase como anexo certificación catastral dos terrenos propiedade desta Comunidade a efectos de que se proceda á súa exclusión efectiva.

Solicita: PRIMEIRO- Que, tendo por presentado o presente escrito, se inicie o procedemento de segregación dos terrenos da Comunidade do MVMC de Froxán do TECOR Nimo-Colou n.º C-10.079, dando por finalizada de xeito definitivo a cesión do aproveitamento cinexético. SEGUNDO- Que, dado o estatuto de dito territorio como "Área Conservada por Comunidades Locais e Pobos Indixenas" (ICCA) e a importancia da preservación da fauna como parte dos procesos de conservación e restauración ecolóxica que se desenvolven na comunidade, a Administración incoe de oficio a declaración da referida ICCA como Refuxio de Fauna.

TERCERO- Que se teña por personada a esta Comunidade no procedemento de segregación e de declaración como refuxio de fauna, comunicándolte todos os actos de trámite que se produzan no mesmo.

Documentos anexados:
 Certificado catastral MVMC Froxán - V1544936.pdf (Huella digital: 9820912606866d0e0c7dbd609065c973ac7c70)

Alerta por SMS: No
 Alerta por correo electrónico: Si

En la pestaña Búsqueda de registros de rec redsara.es, podrá consultar el estado de la presentación de este registro

Página 2 de 2

